



**Club Atletismo Narón**

C.I.F. G-15.215.759

C/ Rio Vespasante, 17 Bj-15570 Narón

**PROXECTO**

**ESCOLA E ADESTRAMENTO**

**CLUB ATLETISMO  
NARÓN**

**TEMPADA 2020/2021**



# Club Atletismo Narón

C.I.F. G-15.215.759

C/ Rio Vespasante, 17 Bj-15570 Narón

## ESCOLAS DEPORTIVAS

- ☞ Considéranse alumnos das escolas do Club Atletismo Narón todos aqueles que se atopen entre as categorías SUB-8 e SUB-16 (nados entre os anos 2006 e 2015 incluídos), e se integren na estrutura das escolas (monitores / adestradores do Club) coas condicións que ofrece o Club.
- ☞ A duración das escolas do Club Atletismo Narón esténdense dende o mes de setembro ata o mes de xuño (normalmente coinciden có calendario escolar).
- ☞ Os alumnos das escolas terán que aboar previamente as cotas correspondentes para formalizar a súa inscrición.
- ☞ O pago das cotas permite ós alumnos as seguintes prestacións:
  - Cota de inscrición da escola:
    - Adestrador integrado na estrutura técnica do Club
    - Uso das instalacións e equipamento
    - Roupa de competición en calidade de préstamo
    - Licencia escolar
    - Licencia federativa (SUB-10 a SUB-16)
    - Seguro de accidentes
    - Desprazamento a competicións de equipos (SUB-10 a SUB-16)
    - Inscrición e acompañamento a competicións oficiais
  - Cota de socio (pai, nai ou titor no caso de menores de idade):
    - Participación nas decisións do Club
    - Descontos nas cotas establecidas polo Club
    - Descontos en establecementos colaboradores
    - Desconto nos produtos da tenda do Club
    - Outras vantaxes do socio
    - Colaboración na consecución dos obxectivos do Club
  - Cota de equipación:
    - Uniformidade oficial do Club
    - Participación en competicións oficiais



# Club Atletismo Narón

C.I.F. G-15.215.759

C/ Rio Vespasante, 17 Bj-15570 Narón

## GRUPOS DE ADESTRAMENTO

- ☞ Considéranse atletas dos grupos de adestramento do Club Atletismo Narón todos aqueles que se atopen entre as categorías SUB-18 e MASTER (nados entre os anos 2005 e anteriores), e ademais adestren no Estadio de Rio Seco integrándose na estrutura dos grupos coas condicións que ofrece o Club.
- ☞ A duración da tempada deportiva de adestramento e competición do Club Atletismo Narón esténdense dende o mes de setembro ata o mes de xullo (pode variar segundo o caso en función de distintos factores).
- ☞ Os atletas do Club terán que aboar previamente as cotas correspondentes para formalizar a súa inscrición, e poder adestrar nas instalacións acollidos á estrutura do Club.
- ☞ O pago das cotas permite ós atletas as seguintes prestacións:
  - Cota de adestramento
    - Adestradores especializados, da estrutura técnica do Club
    - Uso das instalacións e equipamento
    - Uso de material de adestramento propiedade do Club
    - Seguro de accidentes
  - Cota de socio:
    - Participación nas decisións do Club
    - Descontos nas cotas establecidas polo Club
    - Descontos en establecementos colaboradores
    - Desconto nos produtos da tenda do Club
    - Outras vantaxes do socio
    - Colaboración na consecución dos obxectivos do Club
  - Cota de equipación:
    - Uniformidade oficial do Club
    - Participación en competicións oficiais
  - Cota de licenzia federativa:
    - Posibilidade de participar en competicións oficiais
    - Seguro médico de accidentes deportivos
    - Roupa de competición en calidade de préstamo
    - Desprazamento a competicións de equipos
    - Inscrición e acompañamento a competicións oficiais



# Club Atletismo Narón

C.I.F. G-15.215.759

C/ Rio Vespasante, 17 Bj-15570 Narón

## TARIFAS CLUB ATLETISMO NARÓN

### ☞ ESCOLAS

- Categoría SUB-8: **10 €/mes**
- Categoría SUB-10 a SUB-16: **15 €/mes**

### ☞ ADESTRAMENTO

- Categoría SUB-18 a MÁSTER: **15 €/mes**

### ☞ EQUIPACIÓN

- Chándal e camiseta de quecemento: **45€**
- Só na primeira tempada, ou en cambios de equipación, extravío, etc...

### ☞ SOCIO

- Cota anual: **40 €**
- Como mínimo un compoñente da mesma unidade familiar
- Non é necesario pertencer ó Club como atleta ou pai/nai de atleta

### ☞ DESCONTOS

- 2º membro da unidade familiar: Última cota de balde.
- 3º, 4º... membro da unidade familiar: Últimas tres cotas de balde.
- Categoría Sub-8 que na tempada 2019/2020 pagaron cota anual. Dúas primeiras cotas de balde (cláusula excepcional Covid-19, debido a que a actividade non se retomou en xullo e agosto por este motivo).
- Tódolos descontos serán aplicables unicamente a socios do Club.
  - Admítese a tramitación da cota de socio xunto coa inscrición.

### ☞ CONDICIÓNES ESPECIAIS

- **Aplicables a familias con poucos recursos ou dificultade económica.**
- **Ningún sen atletismo por falta de recursos económicos.**
- **Contactar có Club para xestionar estas situacións.**



# Club Atletismo Narón

C.I.F. G-15.215.759

C/ Rio Vespasante, 17 Bj-15570 Narón

## PROCEDIMIENTO

### ☞ ESCOLAS E ADESTRAMENTO

- Opción A: Pago único anual
  - Realizárase o pago antes do día 15 de setembro.
  - Mediante ingreso na conta do Club, ou domiciliación bancaria.
- Opción B: Pago de cotas mensuais
  - Realizárase o pago antes do día 20 do mes anterior.
  - Mediante ingreso na conta do Club.
  - A primeira cota poderase pagar en efectivo nas oficinas do Club.

### ☞ EQUIPACIÓN

- O pago realizárase en efectivo no momento da entrega das prendas.

### ☞ SOCIO

- Pago único no mes de marzo, mediante domiciliación bancaria.
- Socios novos
  - Pago coa primeira cota (para poder aplicar as vantaxes).
  - Pago en efectivo, e domiciliación para seguintes cotas.
- É suficiente para acollerse ás vantaxes aplicables a escolas e adestramentos, que só un membro da unidade familiar (mesmo domicilio) sexa socio. Si ben tódolos membros da unidade familiar maiores de idade poden ser socios.

### ☞ LICENCIA FEDERATIVA

- Aplicable a categorías dende SUB-18 a MÁSTER.
- Tarifas establecidas pola federación correspondente.
- O pago realizárase antes do día 05/12/19. Si se realiza con posterioridade, aplicarase o recargo establecido pola federación.
- O pago realizárase mediante transferencia bancaria.



# Club Atletismo Narón

C.I.F. G-15.215.759

C/ Rio Vespasante, 17 Bj-15570 Narón

## HORARIOS

- ☞ Adestramentos nivel 1 (Base – Iniciación)
  - Adestramento de categoría **SUB-8**.
  - Horario: Luns, Mércores, Venres (a escoller 2 días)
  - Grupo 1: 16:30h a 18:00h (10-15 atletas por adestrador)
- ☞ Adestramentos nivel 2.1 (Base - Perfeccionamento)
  - Adestramento de categorías **SUB-10 e SUB-12**.
  - Horario: Luns, Mércores e Venres.
  - Grupo 1: 16:30h a 18:00h (ata 25 atletas por grupo)
- ☞ Adestramentos nivel 2.2 (Base - Perfeccionamento)
  - Adestramento de categorías **SUB-14 e SUB-16**.
  - Adestramento por especialidades no seu caso.
  - Horario: Luns, Mércores, Xoves e Venres.
  - Grupo 1: 18:00h a 19:30h (ata 25 atletas por grupo)
- ☞ Adestramento nivel 3 (Avanzado)
  - Adestramento de categorías **SUB-18 e superiores**.
  - Adestramento por especialidades.
  - Horario: De Luns a Venres.
  - Grupo 1: 19:30h a 21:30h (ata 25 atletas por grupo)
- ☞ Adestramento Grupo Específico (Lanzamentos)
  - Adestramento de categorías **SUB-16 e superiores**.
  - Adestramento específico para especialidade de lanzamentos.
  - Horario: De Luns a Venres.
  - Grupo 1: 18:00h a 19:30h (ata 25 atletas por grupo)

\* Os horarios son provisionais, e poderán modificarse en función do número de inscritos, e outras condicións.

\* En calquera dos niveis se poderá estudar a habilitación dun segundo grupo, en función da demanda.

**\*\* Consultar có Club en caso de non poder adaptarse ó horario indicado. Ninguén sen atletismo por causa do horario.**



# Club Atletismo Narón

C.I.F. G-15.215.759

C/ Rio Vespasante, 17 Bj-15570 Narón

## CONDICIÓN ESPECÍFICAS DEBIDAS Ó COVID-19

Os protocolos Covid son establecidos polo Concello de Narón, para o uso das instalacións do Estadio de Rio Seco, polo que o Club se adaptará en todo momento ás normas establecidas polo Concello así como as demais administracións competentes.

No momento de elaboración do presente documento, as principais normas do protocolo Covid establecido de xeito específico para a actividade de atletismo no Estadio de Rio Seco, son as que se relacionan de seguido:

- ☞ Os grupos formaranse de xeito que estarán formados por un máximo de 25 atletas, e unha vez formados ó inicio da actividade, e non se poderán modificar.
- ☞ Os grupos serán independentes; cada un dos grupos permanecerá nunha zona diferenciada do Estadio, non podendo xuntarse os atletas de distintos grupos dentro do estadio. Os grupos deberán acceder de forma escalonada, con un mínimo de 10 minutos entre cada un deles, e serán guiados polos seus correspondentes responsables dende o acceso ata a zona de adestramento.
- ☞ Ao Estadio unicamente accederán as persoas deportistas con adestramento programado. Os acompañantes, esperarán no exterior do recinto, evitando aglomeracións e mantendo a distancia de seguridade recomendada.
- ☞ Os deportistas accederán ó recinto con mascarilla, coa roupa de adestramento posta, e con calzado distinto ó que usen para o adestramento. Deberán de hixienizar as mans no acceso, e as veces que fosen necesarias durante a actividade. Para acceder á zoa de adestramento cambiarán o calzado e poderán quitar a mascarilla.
- ☞ Durante o adestramento manterase a distancia de seguridade, de xeito que non se estableza contacto físico entre os deportistas.
- ☞ O uso de materiais será na medida do posible de carácter individual, e será hixienizado pola persoa que fai uso del. No caso de uso de material colectivo, será regulado polos adestradores e/ou responsables do Club.

Os asistentes á actividade deberán de cumprir dentro e fóra da mesma, as normas Covid de aplicación á sociedade en xeral establecidas polas autoridades sanitarias en cada momento. En caso de ter algún síntoma que poida estar relacionado có Covid, non asistirán á actividade e poñerán este feito en coñecemento do Club.

**As normas serán actualizadas en cada momento, seguindo as indicacións do Concello de Narón, das autoridades sanitarias e demais organismos.**

**Os participantes na actividade asinarán un documento de ter recibido o protocolo Covid aplicable, e comprometéndose a cumprilo durante o desenrolo da actividade.**